



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 876 Semana do 18 ao 24 de outubro de 2021

En Galicia o 96% das persoas LGTBI consideran un inconveniente esta condición á hora de encontrar traballo, o 91% consideran necesario ocultar a súa orientación sexual e 6 de cada 10 traballadores LGTBI teñen vivido algunha agresión

UGT PRESENTA UN ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN DAS PERSOAS LGTBI NO TRABALLO QUE PON DE MANIFESTO QUE GALICIA É UNHA DAS COMUNIDADES COA PERCEPCIÓN DA DISCRIMINACIÓN MÁIS ALTA

A sede de UGT en Santiago tamén acolleu unha asemblea de delegados e delegadas na que o responsable confederal LGTBI expuxo como traballar na negociación colectiva este tipo de situacións

Redacción.- O responsable da área LGTBI de UGT, Toño Abad, e a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos, presentaron onte en Santiago o estudo “Cara centros de traballo inclusivos: a discriminación das persoas LGTBI no eido laboral en España”, que parte dunha enquisa na que se xestionaron 3.344 cuestionarios e que arroxa datos realmente preocupantes.

A discriminación cara as persoas LGTBI no eido laboral comeza dende o momento en que se pretende acceder a un posto de traballo. De feito, segundo esta enquisa, o 90% das persoas LTBI, o 96% en Galicia, consideran un inconveniente ter esta condición á hora de atopar emprego. O 86%, 91% en Galicia, consideran necesario ocultar a súa orientación sexual e tres de cada catro persoas tiveron medo á hora de revelar a súa orientación no traballo.

Pola súa banda, o 40% das persoas trans (48% en Galicia) afirman que foron rexeitadas en entrevistas por prexuízos. Catro de cada dez traballadores LGTBI (6 de cada 10 en Galicia) aseguran ter vivido algunha agresión cara si ou outras persoas LGTBI no posto de traballo, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

E é que o 69,31% dos enquisados heterosexuais senten a presenza habitual desta discriminación cara persoas LGTBI porque aseguran que non teñen as mesmas oportunidades.

Toño Abad destacou que esta é a primeira enquisa destas características que se fai a nivel do Estado e afirmou que “permanecer no armario supón renunciar a dereitos laborais e puxo como exemplo que, ás veces, por ocultar a súa condición non se piden permisos por matrimonio ou permisos por acompañamento das parellas a centros

médicos”, é dicir, renuncian a dereitos laborais básicos que o resto dos traballadores e traballadoras nin se cuestionan.

Este renuncia e o efecto perverso que sobre a vida destas persoas ten a súa condición sexual debería facer reflexionar. Non se pode permitir que as persoas LGTBI acudan ó seu posto de traballo con medo á discriminación ou agresións. Hai que garantir un entorno laboral inclusivo.

O 70% dos convenios non protexen ás persoas LGTBI

UGT, ante estes datos realmente preocupantes, decidiu facer unha aproximación á materia que se negociou nos convenios colectivos e a sorpresa é o baleiro que existe porque, aínda que os sindicatos levan moito tempo intentando introducir medidas, a voluntariedade só ven por esta parte, por iso, urxe unha lexislación que obrigue nesta materia e que non deixe á discrecionalidade a súa regulamentación. Só tres de cada 10 convenios, de 1.200 analizados, teñen cláusulas que se refiran ás persoas LGTBI. É dicir, o 70% dos convenios non protexen ás persoas LGTBI e cando hai cláusulas son moi xenéricas e practicamente sen aplicación.

UGT considera que estamos ante un momento histórico, coa negociación da Lei Trans e LGTBI, para cambiar e reverter esta situación. A Lei que pretende tramitar o Goberno ten moito que mellorar, a pesar de que regula unha materia laboral que



afectará a este colectivo, non foi consultada cos sindicatos e, segundo, a materia laboral que quere regular a Lei é só dispositiva, con formulismos moi xeneralistas e cargados de voluntariedade que na práctica é imposible esixir.

As empresas de máis de 200 traballadores teñen que impulsar medidas para a igualdade LGTBI

Por isto, UGT esixe ó Goberno que convoque unha mesa de diálogo social para negociar o contido da Lei no eido laboral e que se introduza nas empresas de máis de 200 traballadores a obriga de ter plans que se desenvolvan a través de regulamentos que establezan o contido e o alcance das medidas propostas. UGT insiste en que se está nun momento clave para lograr este avance ás portas da tramitación dunha lei histórica.

Esta análise e conxunto de propostas e demandas de UGT, ademais de ser presentadas ós medios de comunicación, foron expostas e debatidas nunha asemblea de delegados e delegadas que tivo lugar tras a rolda de prensa na sede de UGT-Galicia, en Santiago.

UGT-GALICIA RECOÑECE O ESFORZO INVERSOR PROPIO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN MATERIA DE EMPREGO E DEMANDA A MESMA LIÑA DE TRABALLO PARA OUTRAS ADMINISTRACIÓN

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT-Coruña-Cee reuníronse o pasado mércores co presidente da Deputación da Coruña nun acto no que este último presentoulles o Plan de emprego local da institución provincial. Ó respecto, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, recoñeceu o esforzo inversor propio e directo realizado pola Deputación da Coruña en materia de emprego, a pesar de non ter competencias propias nesta materia. Un esforzo que superará os 30 millóns de euros. E, ademais, fixo fincapé na importancia deste tipo de investimentos ás portas dun proceso de recuperación no que garantir a creación e consolidación de emprego de calidade deben ser unha prioridade.

Neste senso, Gómez demandou ó resto das administracións esforzos similares en materia de emprego e apuntou ós Orzamentos anunciados pola Xunta para a Comunidade galega que, sen coñecelos en

profundidade e aínda recoñecendo que si terán un carácter expansivo, segundo os primeiros datos que se foron achegando, os fondos da Consellería de Emprego amosan un incremento que, para UGT, na conxuntura actual de recuperación, amósase cativo. A Xunta debería ter realizado un maior esforzo con fondos propios, á marxe dos que poidan vir do Goberno central ou de Europa, destinados a emprego. Xa que o emprego será unha das claves da recuperación, sen dúbida.

Despois da xuntanza, Gómez tamén insistiu na necesidade de manter e continuar co paradigma aberto en materia de investimento público porque só así se vai garantir unha saída xusta desta crise



para todos e todas e non volver a caer nos erros cometidos na anterior crise económica onde se escolleu a vía totalmente contraria, a dos recortes, o que levou a moitos cidadáns á precariedade e afondouse nas desigualdades. Hai que traballar en políticas públicas para garantir a cohesión social e o desenvolvemento industrial.

MILES DE PERSOAS MANIFESTÁRONSE ESTE DOMINGO EN VIVEIRO “POR UN FUTURO PARA A MARIÑA”

Os traballadores de Vestas e Alcoa clamaron por solucións para o futuro das súas factorías que garantan o emprego na comarca

Redacción.- Miles de persoas manifestáronse este domingo polas rúas de Viveiro, convocadas por UGT, xunto con CCOO e CIG, para reclamar un futuro para A Mariña. Unha comarca que está a ser castigada polo incerto futuro que atravesan dúas das súas principais fontes de emprego, tanto directo como indirecto, Alcoa e Vestas.

Esta situación, con total incertidume para Alcoa dende hai xa demasiado tempo e cun ERE enriba da mesa para Vestas, esixe xa dunha implicación por parte das administracións porque xa non se fala só do futuro da comarca, senón do forte peso destas empresas na provincia de Lugo e, incluso, en Galicia. Non se pode esquecer que no caso de Alcoa estase a falar dun sector estratéxico, a produción de aluminio, e no caso de Vestas, da produción de aerogeneradores, un ben tamén de futuro e clave cando se están a impulsar as enerxías alternativas, como é o caso da eólica.

Pola súa banda, os traballadores de Vestas continuaron ó longo da semana con mobilizacións diarias para intentar presionar e dar unha saída diferente ó peche e despedimentos. O mércores, coincidindo coa Comisión de Industria, protagonizaron

unha concentración fronte ó Parlamento galego, en Santiago. Este venres está convocada unha nova xuntanza relativa ó ERE e os traballadores agardan que a empresa mude a súa postura porque estase a falar dun sector con futuro e dunha factoría que era rendible e tiña carga de traballo, aínda que, polo momento, todos os pasos que da dirección van non sentido contrario, de feito, négase a ampliar o prazo de consultas.

Paleo chegou a Dinamarca

O exciclista profesional e traballador de Vestas, Alejandro Paleo, rematou o día 16 a súa peregrinación en Dinamarca, na sede central de Vestas, onde entregou unha carta á dirección da empresa para pedir que se frene o ERE extintivo en Chavín, que suporía perder 115 postos de tra-



ballo.

Foron trece días e máis de 2.800 kilómetros en bicicleta acompañado doutros dous compañeiros da fábrica que fixeron a viaxe nunha caravana para prestarlle apoio e darlle a intendencia necesaria.

Os traballadores de Alcoa tampouco deixaron a mobilización durante esta semana. Tamén o mércores, coincidindo coa reunión do Tribunal Supremo para analizar o ERE presentado pola multinacional, cortaron a estrada de acceso á factoría e fixeron unha concentración fronte á fábrica.

A VIXILANCIA DA SAÚDE DOS TRABALLADORES, A DEBATE EN SANTIAGO E VIGO ESTA SEMANA

Redacción.- UGT organizou esta semana sendas xornadas, en Santiago e Vigo, sobre a "Vixilancia da saúde dos traballadores, características e implicacións legais".

Concretamente, na xornada de Santiago, que tivo lugar o día 19 no salón da actos da sede, entrevistou o avogado e técnico superior en prevención de riscos laborais de UGT-Galicia, Pedro Blanco.

Analizou o artigo 22 da LPRL: voluntariedade/obligatoriedade da vixilancia da saúde, excepcións; a actividade sanitaria do servizo de prevención: características e contido da vixilancia da saúde, ferramentas en vixilancia da saúde: control biolóxico, probas de criba e recoñecementos médicos; e aptitude e ineptitude para o traballo, efectos legais. As limitacións nos traballadores especialmente sensibles e embara-

zadas. Adaptacións de posto, ineptitude sobrevenida. Incapacidade/dis-capacidade.

A apertura correu a cargo da secretaria xeral de UGT-Compostela-Barbanza, Marisa Rodríguez, e, tras a intervención de Pedro Blanco, abriuse unha quenda de debate.

A xornada de Vigo está a celebrarse hoxe. Foi presentada polo secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, e vai ser



Yolanda Martínez, técnica superior de PRL da Unión de Vigo, a encargada de desenvolver os puntos da xornada, que serán os mesmos que se debateron en Santiago.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE KONECTA CONTINUÁN COAS MOBILIZACIÓNS PARA DENUNCIAR AS CONDICIÓNS PRECARIAS E ABUSIVAS NA CAMPAÑA "SUPERLIÑA SANTANDER"

Redacción.- Outro luns máis os traballadores e traballadoras de Universal Support (Konecta) mobilizáronse para denunciar as condicións precarias e abusivas que están a sufrir no desenvolvemento da campaña "Superliña Santander".

O grupo de traballadores e traballadoras, uns 170, reclaman a implicación da entidade bancaria no seu conflito, despois de fracasar o proceso de mediación aberto a semana pasada. Nun sector xa moi maltratado os traballadores e as traballadoras o único que demandan é que se respecten unhas condicións mínimas como o dereito ós descansos.



TRABALLADORES DE ELECTRORAYMA TRASLADAN Á DELEGACIÓN DO GOBERNO AS SÚAS DEMANDAS LABORAIS

Redacción.- Unha caravana de vehículos dirixiuse este martes á Delegación do Goberno na Coruña co fin de facer visibles e trasladar as demandas laborais dos traballadores de ElectroRayma. Concretamente, os efectos económicos do conflito que manteñen a dirección da empresa e Navantia polos sobrecostes no contrato dos buques loxísticos australianos.

A subdelegada do Goberno recibiu á re-

presentación sindical encabezada polo secretario xeral de UGT-Ferrol, José Antonio Díaz, e sendos representantes da CIG e de CCoo e comprometeuse a mediar entre a empresa e Navantia para estudar a posibilidade de constituír unha mesa de negociación que resolva o conflito.



CONCENTRACIÓN FRONTE Ó SERGAS PARA DENUNCIAR OS RECORTES E DEMANDAR SOLUCIÓNS PARA ATENCIÓN PRIMARIA

Redacción.- A secretaria xeral da federación de Servizos Públicos de UGT-Galicia e o responsable de Sanidade, xunto con outros compañeiros da federación, concentráronse este martes fronte á sede do Sergas en Santiago, xusto antes da reunión da Mesa sectorial, para denunciar a política continua de recortes que está a impoñer a Xunta no eido da sanidade pública galega e demandar solucións urxentes para a atención primaria, sobre todo, á vista das xubilacións que se avexían que deberían obrigar a acometer un plan de contratacións.

Ó respecto, Javier Martínez, o responsable de Sanidade da federación de Servizos Públicos, lamentou que a situación en atención primaria fose de mal en peor nos últimos anos. As listas de agarda son máis

longas que nunca, os niveis de atención presencial son máis baixos que nunca e o Sergas, aínda que deu pequenos pasos para paliar esta crise, non son suficientes.

A xuízo de Martínez, os centros de saúde deben ser resolutivos e accesibles, así como, estar adaptados a esta pandemia e a posteriores que poidan vir.

Para elo, hai que dotar de estabilidade ós profesionais a través de condicións de traballo dignas para que non



se vaian. Por iso, pídeselle ó Sergas un plan de ordenación de recursos humanos que palíe todas as baixas e carencias de persoal que se van ter polas xubilacións que se avexían, que van ser moitas.

OS TRABALLADORES DE ABAI (EXTEL) MOBILIZÁRONSE NA CORUÑA PARA DENUNCIAR QUE A EMPRESA PRETENDE ELIMINAR OS DEREITOS ADQUIRIDOS

Redacción.- Os traballadores e as traballadoras de Abai (Extel) mobilizáronse este mércores na Coruña para denunciar que desde a adquisición de Extel por parte de Abai, os empregados están a sufrir unha progresiva deterioración das condicións laborais.

A mercantil comunicou recentemente a modificación de parte dos criterios que afectan ás retribucións variables, que ten como consecuencia unha perda substancial de poder adquisitivo para parte das persoas traballadoras, nun sector castigado polos baixos salarios.

A todo isto, súmase unha formación

cada día máis deficiente, a esixencia de atender a tres clientes á vez no novo servizo de WhatsApp da empresa de telecomunicacións Movistar e a un novo intento de modificar o sistema de vacacións, ou eliminar o calendario anual de libranzas e fins de semana que conta con case 20 anos de vixencia, o que supón un ataque á conciliación da vida persoal e profesional.



UGT-FERROL DEMANDA PARA A COMARCA UN SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS DIGNO E ACCESIBLE

Redacción.- UGT-Ferrol demanda para a comarca un sistema de transporte público de viaxeiros digno e accesible, tanto de autobuses como ferroviario, e amosa o seu apoio ás demandas e mobilizacións da "Plataforma cidadá por un transporte digno".

Dende UGT-Ferrol denúnciase que primeiro foi a degradación do servizo ferroviario ata tal punto que deixou de ser atractivo e útil para a cidadanía da comarca.

Despois foi o servizo de autobuses. A nova concesión do servizo de autobuses entre Ferrol e Coruña supuxo para os usuarios poucos servizos, de pouca calidade, con prazas insuficientes e horarios que non se adaptan á demanda existente, deixando a traballadores, estudantes e persoas que teñen que trasladarse para facer xestións, literalmente, "tirados".

Isto leva a que o único recurso sexa o coche particular, limitado para moitas familias polos altos custes do combustible e



das peaxes e a outras persoas por razóns de idade ou mobilidade.

UGT INSTA Ó GOBERNO A TER UNHA VONTADE FIRME PARA ERRADICAR A POBREZA E A DESIGUALDADE

Redacción.- A crise sanitaria, económica e social causada pola COVID-19 provocou un aumento da pobreza. No noso país, por exemplo, a taxa AROPE, que mide o risco de pobreza ou exclusión social, alcanzou un 26,4%, fronte ao 25,3% rexistrado o ano anterior. Ademais, o 7% da nosa poboación, ao redor de 3,3 millóns de persoas, atópanse en situación de carencia material severa, unha cifra pouco honrosa para a cuarta economía da Unión Europea e dun país que se supón desenvolvido e democrático.

Aos datos mencionados, súmanse o de persoas que non poden permitirse levar unha alimentación adecuada, que aumentaron desde o 3,8% en 2019 ao 5,4% en 2020, e o de fogares que non poden permitirse manter a súa vivenda a unha temperatura apropiada, que pasaron do 7,6% ao 10,9%. Nin sequera importantes avances en dereitos sociais, como a aprobación do Ingreso Mínimo Vital (IMV), cuxo obxectivo fundamental é a redución da pobreza e a pobreza extrema, evitaron que España se afastase dun dos compromisos máis importantes da Axenda 2030.

Estes datos revelan que sen coherencia política non hai éxito posible. Aspectos como a reversión da Reforma Laboral de 2012, un Salario Mínimo suficiente, unha aposta decidida que obrigue ás empresas de plataformas a regularizar aos seus traballadores e traballadoras e así garantirles salarios dignos ou fomentar políticas fiscais xustas

que garantan ingresos ao Estado son necesarias para revertir esta situación. Ademais, desde UGT considérase imprescindible levar a cabo unha urxente reforma do IMV (que a día de hoxe só chegou a 800.000 dos 2,5 millóns de persoas que estimaba o Goberno), así como un compromiso maior coa cooperación Internacional ao desenvolvemento ou a posta en marcha da Estratexia Nacional de Prevención e Loita contra a Pobreza. Aspectos, todos eles, que de non realizarse non farán máis que seguir aumentando os niveis de pobreza. Transformacións necesarias e inaprazables que requiren dunha aposta decidida do Goberno, e que deben profundar na transformación dun modelo económico que debe frear a desigualdade, concentración económica e aumento da pobreza que se estendeu en todo o mundo nos últimos anos.

Débense cumprir os compromisos da Axenda 2030

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible obriga a todos os Estados a erradicar a pobreza, pero como tantos dos obxectivos da axenda, a maioría dos países parecen pouco comprometidos en acabar



con esta secuela. Así, unha política de cooperación ao desenvolvemento insuficiente; unha política de vivenda que garante os intereses de quen especula con ela; un mercado de enerxía en mans duns cantos oligopolios antisociais; ou unha lexislación laboral que facilita o despedimento e limita a acción das organizacións sindicais na negociación colectiva, son unha perfecta combinación de elementos que fomentan a pobreza.

Pola contra, un traballo digno, ben remunerado e con dereitos, é o mellor remedio contra a inmoralidade que representa a pobreza. E só o fomento deste tipo de traballo unido a políticas de protección social xustas e suficientes poden garantir pasos firmes á hora de erradicar a pobreza no noso país e no mundo. E hai poucas maneiras mellores de facelo que con políticas laborais que fomenten o diálogo social e a negociación colectiva de maneira salubre, autónoma e equilibrada.

FISCALIDADE E XUSTIZA SOCIAL

Redacción.- É necesario unha reforma profunda do sistema fiscal que incremente a capacidade recadatoria e permita mellorar os Servizos Públicos e ampliar o Estado de Benestar.

Un total de 136 estados membros da OCDE, que suman o 90% do PIB mundial, chegaron a un acordo histórico, sen precedentes, para impulsar un tipo mínimo de Sociedades do 15% en 2023, establecendo deste xeito un marco internacional común que garanta a tributación das grandes multinacionais.

Ademais, créase un sistema de repartición da recadación destas grandes corporacións entre todos os estados nos que operan, aínda que non posúan sede física neles. Este acordo inclúe as adscricións de Estonia, Hun-

gría e Irlanda, que non asinaron previamente os compromisos previos nesta materia.

Seguindo esta liña, o Goberno de España aprobou un plan orzamentario para o próximo ano que fixa, igualmente, un tipo mínimo de Imposto de Sociedades do 15% a partir do 2022. É moi probable que esta medida adaptárase á directiva europea que implemente o pacto internacional acordado.

É urxente que se aplique este gravame ante a alarmante situación social que seguimos vivindo, agravada pola pandemia. Lembremos que o 63% de multinacionais españolas pagan de media só o 9% de impostos, segundo despréndese dos últimos datos proporcionados pola Axencia Tri-

butaria. E, por contra, no noso país o 58% dos fogares ten problemas económicos e un total de 6 millóns de persoas son pobres, un 50% máis que en 2018 (Fundación FOESSA e Cáritas).

Obviamente, a situación aínda sería máis grave sen as medidas sociais ou “escudo social” aprobado polo actual Goberno do Estado. Con todo, é necesario expor xa unha reforma profunda do sistema fiscal que incremente a capacidade recadatoria para mellorar os Servizos Públicos, ampliar o Estado de Benestar e responder así ás necesidades da cidadanía en condicións de equidade e calidade. En suma, necesitamos redistribuír a riqueza, a través dos impostos, para loitar de forma intensa contra a pobreza e a desigualdade.

É NECESARIA UNHA LEI EFICAZ QUE PERSIGA A TRATA DE SERES HUMANOS, CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Redacción.- As vítimas de trata e as de explotación laboral ou sexual, incrementáronse, segundo o último Balance estatístico do Ministerio de Interior 2016-2020. UGT esixe un maior compromiso por parte de todos para previr esta secuela; sancionar, duramente, aos responsables e máis recursos para protexer ás vítimas.

A Estratexia da UE na loita contra a trata de seres humanos aprobada este ano lembraba que no ano 2015 o beneficio anual mundial de trata de seres humanos ascendeu a 29.400 millóns de euros e que, nun só ano, a trata con fins de explotación sexual xera na Unión Europea uns beneficios de 14.000 millóns de euros.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores lembra que, aínda que o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 contempla un incremento de 6 millóns de euros para a atención de mulleres e nenas vítimas de trata con fins de explotación sexual, este diñeiro segue sendo insuficiente. Ademais, persiste a ausencia de previsións para as vítimas de trata con fins de traballo forzoso

e vítimas de explotación laboral.

Para UGT, é preciso un esforzo maior para previr esta secuela, en particular nun momento en que a pandemia e as súas consecuencias aumentou a vulnerabilidade de homes e, especialmente, das mulleres. Por iso reclama:

A penalización da demanda de servizos ou produtos da explotación, incluída a demanda de prostitución, en consonancia cunha posición abolicionista respecto á mesma, cuxos vínculos coa trata de seres humanos son evidentes.

A protección de todas as vítimas de trata sexa cal o seu sexo, idade, nacionalidade, situación administrativa ou a finalidade da trata.

UGT lembra que proximamente se



prevé a elaboración dunha lei e un plan integral contra a trata de seres humanos, ambos elaborados por diferentes Departamentos Ministeriais. Neste sentido, demanda construír un sistema eficaz contra a trata de seres humanos, con perspectiva de xénero e que contemple as particularidades que sexan necesarias en función das diversas finalidades da trata de seres humanos. Calquera norma que pretenda abordar a realidade da trata, debe facelo tendo en conta a todas as súas vítimas e todas as formas de explotación.

AS EMPRESAS SEGUEN SEN APOSTAR POLA DIXITALIZACIÓN

Redacción.- Con motivo da publicación esta semana da Enquisa sobre o uso de TIC en comercio electrónico nas empresas por parte do INE, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores denuncia que as empresas seguen sen apostar pola dixitalización, o que produce un impacto moi negativo sobre as persoas traballadoras e sobre o tecido produtivo.

Para UGT, é imprescindible que as empresas cumpran coas súas responsabilidades, invistan de verdade en dixitalización e en persoas, e en formación e en dotación dixital para os seus empregados. A escusa da crise ou os fondos europeos xa non se sostén. A competitividade da nosa economía e a sustentabilidade do noso modelo social está en xogo.

Desta forma, para o sindicato, os datos demostran que o investimento en novas tecnoloxías descende un astronómico 15% en comparación con 2019. Trátase de 600 millóns de euros menos que en 2019-2020, un investimento imprescindible para o futuro da nosa economía. Da devandita cantidade, 416 millóns de euros corresponden ás grandes empresas, precisa-

mente as que deberían liderar este proceso.

Como consecuencia, a aposta polo emprego dixital, a formación en novas tecnolóxicas e a imprescindible dotación de ferramentas TIC ás persoas traballadoras reséntese. O emprego de especialistas en TIC descende máis dun 2%, situándonos á cola de Europa. A formación en novas tecnoloxías tamén decae outro 2%, o que deixa a case 13 millóns de persoas traballadoras sen recibir a formación que necesita. A porcentaxe de empregados que se conectan a Internet continúa en marxes irrisorios: un 40% da forza laboral española xamais se conecta á rede de redes e aínda un 60% dos traballadores non ten un móbil de empresa para realizar o seu traballo en condicións.

Profundando no emprego TIC, a brecha de xénero mantense imperturbable: unicamente un 34% das empresas conta cunha tecnóloga entre o seu persoal. Lembremos que aínda non chega nin ao 10% as compañías que poden demostrar un persoal de especialistas TIC con equilibrio de xénero



(50% de mulleres). E, finalmente, está o mito das supostas miles de vacantes no sector: só un 2,53% do total de empresas españolas afirma ter dificultades para contratar a experto en novas tecnoloxías (case un punto menos que no exercicio anterior). Unicamente as grandes empresas parecen ter algunha dificultade respecto diso (14,56%) pero os motivos reais non son unha suposta "falta de talento", senón que non queren abonar os salarios que se esixen para ter un persoal altamente especializado: ata un 60% das empresas así o confesa (un 67% no caso das grandes empresas, precisamente as que menos investiron en dixitalización ao longo desta pandemia).

A DERROGACIÓN DA REFORMA LABORAL NON DEBE DEMORARSE MÁIS ALÓ DE NOVEMBRO

Redacción. - O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou en RTVE a necesidade de impulsar xa a derogación da reforma laboral, un aumento dos salarios para que en 2022 teñamos xa os 1.000 euros de SMI e un acordo para asegurar a sustentabilidade das pensións

Desta forma, manifestou que as negociacións para a aprobación da reforma laboral “van a bo ritmo e podemos dicir cales son as posicións de cada parte. Ademais, o Goberno ten un compromiso con Bruxelas para aprobala antes de final de ano”.

Pepe Álvarez realizou estas declaracións durante a súa entrevista en “A Hora da 1” de RTVE, onde lembrou que Pedro Sánchez comprometeuse esta din de semana para derrogar a reforma laboral do PP de 2012 “porque os sindicatos pedímoslo na inauguración do seu 40º Congreso”.

Neste sentido, sinalou que “os empresarios saben que é máis frutífera unha reforma con acordo, aínda que non sexa do seu agrado, que sen el. E saben que os sindicatos non asinaremos nada que vaia contra o emprego e a viabilidade das empresas”.

Para o secretario xeral de UGT, a cuestión máis importante é “acabar co abuso da temporalidade e a precariedade que existe no noso país. Ademais, nos temas de contratación, non só debe haber unha derogación, senón introducir novos elementos para acabar con esta precariedade. A lexislación non se cumpre e a Inspección está mermada para facela cumprir. A proposta do 15% como máximo de temporalidade por empresa vai en boa liña pero é insuficiente e é pouco ambiciosa. Hai que cambiar a cultura nos centros de traballo, e para iso necesitamos medidas de choque contundentes. UGT non asinará un acordo que non teña a garantía de que, nun período de tempo breve, asegúrese a estabilidade no mercado de traballo”.

Ademais, reclamou un aumento da formación nas empresas. “Debe haber máis formación no noso mercado laboral. É a gran materia pendente a curto prazo. A lei de Formación Profesional pon bases para aumentar e mellorar a formación para os mozos, pero necesitamos un plan de reciclaxe, de formación continua, para dar cabida ás demandas do novo mercado de traballo”.

O 1 de xaneiro de 2022 debemos ter os 1.000 euros de SMI

Para Pepe Álvarez, outra das materias pendentes é o aumento dos salarios. “O Salario Mínimo Interprofesional (SMI) é moi baixo no noso país, mírese por onde se mire. O nivel de vida en España non se corresponde co SMI. Deberíamos ter un salario mínimo ao redor dos 1.060 euros xa, o 60% do salario medio como recomenda a Carta Social Europea. Necesitamos unha senda que nos achegue a esa cifra. Ás empresas beneficiaralles tamén, porque se hai máis poder adquisitivo, haberá máis consumo e xerárase máis actividade económica, máis emprego e mellores condicións para as empresas”.

“Estou absolutamente convencido de que o ano que vén teremos 1.000 euros de SMI”, asegurou. “É un compromiso non asinado por parte do Goberno e non lle deixaremos que non o faga. E en 2023, chegar aos 1.060 euros. Se os empresarios cumpren o que asinan, todo o país debería ter xa os 1.000 euros de salario mínimo convenio”.

Neste sentido, asegurou que “moitos postos de traballo non se están cubrindo polos salarios de miseria que se dan. Un exemplo sería o sector do campo en Estremadura. Traballar recollendo alimentos por menos de 900 euros no noso país é un abuso. Se queremos ter man de obra cualificada e dispoñible para traballar, hai que mellorar os salarios no noso país”.

O exceso de beneficio das eléctricas débese repartir entre as persoas traballadoras

Un aumento dos salarios que axudaría a saír da crise sanitaria que estamos a padecer ou o abusivo aumento do prezo da luz. “O drama da pandemia imos deixando atrás. Estamos nunha situación de saída da pandemia e iso é moi positivo. De calquera xeito, temos un cúmulo de cuestións que hai que valorar, como o prezo da luz. O Goberno tardou en reaccionar, pero reaccionou. O decreto aprobado polo Consello de Ministros ten que obrigar ás eléctricas a que o exceso de beneficio rescátase para o bono social, para os autónomos e as empresas, axudando así a que a incidencia do prezo da luz sexa a menor posible”.

Ademais, considerou que a Comisión



Europea (CE) debe dar resposta á existencia dos países da UE. A UE é moi lenta e deixar en mans da CE algunhas decisións que necesitan axilidade non é o correcto. A CE expuxo tentar favorecer que os países tiren de enerxía verde, que entre o mínimo de enerxía fósil no sistema, pero isto é perverso e está a subir as tarifas de maneira insoportable para as persoas traballadoras e as empresas, algo que hai que corrixir de maneira inmediata”.

Hai que asegurar o futuro das pensións

Preguntado polo acordo para reformar o sistema de pensións, o secretario xeral de UGT considerou que “as liñas vermellas están liquidadas. O Factor de Sustentabilidade non se pode recuperar xa. Falamos dun elemento de solidariedade interxeracional que non ten que ver co factor da reforma de 2013, que empobrecía as pensións. Hai que garantir que teñamos un sistema que permita que os mozos teñan garantida a súa pensión. Para iso, o Estado tense que facer cargo dos gastos que non son propios da Seguridade Social, destopar as pensións máximas e subir os salarios para poder recadar máis en cotizacións”.

Para Pepe Álvarez, “a ampliación da vida laboral non vai estar na axenda negociadora. Hai quen ten ansiedade por aumentar os anos para chegar á xubilación, pero iso é inviable. Moitas persoas, cando chegan aos 67 anos, non chegan en condicións suficientes para poder seguir traballando. As persoas que se xubilán anticipadamente fano porque foron expulsadas do seu posto de traballo, non porque non poidan traballar”.

Ademais, hai algunhas propostas que se deben introducir a medio prazo, como que, “en función de onde traballaches, a xubilación poidase facer a unha idade ou outra, ou que as novas tecnoloxías empecen a cotizar xa”.